

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE DICIEMBRE DE 2018**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES.....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA.....	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA.....	11
5.1.	Temperatura media das máximas.....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2018.....	17
6	PRECIPITACIÓN	18
6.1.	Precipitación acumulada mensual decembro 2018	18
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	19
6.3.	Días de chuvia en decembro de 2018.....	20
6.4.	Evolución da precipitación en decembro de 2018	22
7	VENTO	23
8	RADIACIÓN SOLAR	27
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	27
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	28
9	RAIOS.....	29

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 12/03/2019



Mes de decembro seco e moi cálido tanto nas máximas como nas mínimas.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
\leq mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
\geq máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
\leq mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
\geq máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de decembro quedou caracterizado nos primeiros 20 días pola chegada de borrascas atlánticas, que aportaron humidade e temperaturas en xeral suaves, e por uns derradeiros días nos que predominaron as altas presións de bloqueo, illándonos das baixas presións e tamén da chegada de aire frío procedente do continente.

Os primeiros 3 días do mes Galicia quedaba nunha situación intermedia entre as altas presións que ocupaban o sur da península Ibérica e as baixas que circulaban polo Atlántico norte. Isto deixaba un corredor de isóbaras que achegaba aire non moi frío pero si moi cargado de humidade. Deste xeito foron días caracterizados polas temperaturas suaves, chuvias concentradas no oeste e ventos intensos.

No período entre o día 4 e o 11 as altas presións movéronse lixeiramente cara ao norte, polo que a estabilidade foi en aumento, aínda que os ventos seguían a soprar de suroeste, polo que foron días sen chuvia, ou con precipitacións moi escasas, pero con abundantes nubes e temperaturas suaves. Esta situación rematou de forma brusca na xornada do 12 coa chegada dunha fronte moi activa asociada a unha profunda borrasca. Isto deixou un temporal de vento, chuvia e ondas nas últimas horas do día 12 e na primeira metade do día 13. Na tarde do 13 e o día 14 quedamos na zona de chuvascos, baixando a cota de neve ata os 1000 metros.

O día 15 unha nova borrasca deixaba outro temporal de vento e chuvia e de novo con chuvascos máis intermitentes e baixada de temperatura o día 16. O día 17 quedamos transitoriamente na influencia anticiclónica, pero unha nova borrasca profunda afectounos na xornada do 18, con novos avisos por vento e chuvia, acadándose refachos por riba dos 100 km/h en moitos puntos do litoral e zonas altas do interior.

Nas 3 seguintes xornadas as altas presións movéronse lixeiramente cara ao norte e Galicia quedaba, ao igual que nos primeiros días do mes, nunha situación intermedia entre altas e baixas presións, polo que a situación foi de chuvia escasa, moita humidade e temperaturas suaves.



O día 22 as altas presións foron movéndose aínda máis cara ao norte, collendo a Galicia no seu radio de acción entre as xornadas do 23 e o 26, deixando 4 días de tempo seco, con nubes de tipo alto, vento en calma e boas temperaturas durante o día.

Na xornada do 27 unha fronte ocluída interrompía esta situación anticiclónica, aportando algunhas chuvias. Pero foi un cambio transitorio, posto que o 28 foi entrando un anticiclón, facendo diminuír as nubes e nos derradeiros 3 días do mes e do ano as altas presións situáronse ao norte, entre Francia e as Illas Británicas deixando días de tempo seco con temperaturas máximas elevadas para esta época do ano.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

No mapa de anomalías de presión en superficie (Figura 1) e tamén no mapa de 500 hPa (Figura 2) apréciase unha forte anomalía positiva, moito máis elevada en altura, que se encontra centrada na península Ibérica. Deste xeito pódese apreciar como este bloqueo anticiclónico impediu a aproximación das borrascas do Atlántico, e o aire frío procedente do centro de Europa. Ademais, a forte anomalía positiva en altura, indica que tamén foi característica a estabilidade das situacións que afectaron a Galicia, e que fixeron que este mes fose moi cálido e seco.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Decembro-2018.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Decembro-2018.



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



A CORUÑA

	DECEMBRO 2018 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	13.5/13.3	11.5	14.5 (2015)	8.5 (1970)
Tª mínima media	11.0/10.8	8.9	11.7 (2015)	5.8 (1970)
Tª mínima absoluta	6.3/6.0(día 30)	0.6 (25/12/2001)		
Tª mínima máis alta	15.8/15.7(día 2)	17.5 (17/12/1987)		
Tª máxima media	16.0/15.7	14.0	17.3 (2015)	11.2 (1970)
Tª máxima absoluta	18.4/18.3 (día 21/4)	25.6 (02/12/1985)		
Tª máxima máis baixa	13.3/12.4 (día 16)	5.0 (25/12/1962)		
Precipitación acumulada	138	126-133	400 (1978)	15 (1941)
Días de chuvia (≥1mm)	10	15	31 (1935)	4 (1941)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as temperatura medias, mínimas e máximas.

A precipitación rexistrada está lixeiramente por riba do rango de valores normais, polo que o mes resultou húmido. En canto ao número de días de chuvia, é menos que o valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2018 Temperatura: 1948-2018

SANTIAGO

	DECEMBRO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	11.0	9.5	12.2 (1989)	7.9 (2001)
Tª mínima media	8.2	6.0	9.6 (1989)	3.3 (2001)
Tª mínima absoluta	3.19 (día 31)	-3.0 (25/12/2001)		
Tª mínima máis alta	13.5 (día 3)	15.2 (17/12/1987)		
Tª máxima media	13.8	13.1	15.1 (2015)	11.7 (2009)
Tª máxima absoluta	16.8 (día 10)	24.0 (02/12/1985)		
Tª máxima máis baixa	11.3 (día 16)	3.6 (02/12/2010)		
Precipitación acumulada	214	182-271	782 (2000)	15 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	17	15	31 (1993)	5 (2016)

Comentario: Mes moi cálido en canto as medias e as mínimas. Para as máximas, o mes resultou cálido.

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais para esta variable. Pola súa banda, o número de días de chuvia é maior que o valor climático agardado.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2018. Temperatura: 1982-2018



LUGO

	DECEMBRO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	8.7	6.9	10 (1989)	3.3 (2001)
Tª mínima media	4.5	3.2	6.8 (1989)	-2.4 (2001)
Tª mínima absoluta	-1.7 (día 31)	-10.4 (17/12/2001)		
Tª mínima máis alta	12.1 (día 3)	16.0 (16/12/1987)		
Tª máxima media	13.0	10.5	14.1 (2015)	7.5 (1980)
Tª máxima absoluta	18.0 (día 4)	23.0 (21/12/1985)		
Tª máxima máis baixa	4.2 (día 30)	1.0 (31/12/1982)		
Precipitación acumulada	89	108-125	353 (2000)	12 (2001)
Días de chuvía (≥1mm)	10	15	26 (1981)	3 (2001)

Comentario: O mes foi moi cálido para as máximas, moi cálido para as medias e cálido para as mínimas.

O mes considérase seco tendo en conta o valor da precipitación. Isto reflíctese no número de días con choiva, que foi moi inferior ao agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2018. Temperatura: 1981-2018

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	DECEMBRO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	11.8	10.1	13.4 (1989)	7.0 (1970)
Tª mínima media	8.3	5.8	10.2 (1989)	1.9 (1970)
Tª mínima absoluta	1.6 (día 31)	-5.7 (25/12/1994)		
Tª mínima máis alta	14.3 (día 3)	16.2 (17/12/1987)		
Tª máxima media	15.3	14.4	17.3 (2015)	11.3 (1963)
Tª máxima absoluta	17.7 (día 28)	25.5 (02/12/1985)		
Tª máxima máis baixa	12.1 (día 14)	2.1 (27/12/1970)		
Precipitación acumulada	183	191-237	881 (1978)	24 (1988)
Días de chuvía (≥1mm)	15	15	28 (2000)	3 (2016)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada está por debaixo do rango de valores normais para esta variable, polo que o mes considérase seco. Sen embargo, o número de días de chuvía foi o agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2018. Temperatura: 1958-2018



OURENSE

	DECEMBRO 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	10.1	8.5	11.9 (1989)	4.8 (2001)
Tª mínima media	5.9	4.1	8.7 (1981)	-1.8 (2001)
Tª mínima absoluta	-0.5 (día 31)	-8.6 (25/12/2001)		
Tª mínima máis alta	12.6 (día 3)	16.0 (12/12/1981)		
Tª máxima media	14.3	12.8	16.0 (2015)	10.5 (1975)
Tª máxima absoluta	20.6 (día 4)	22.4 (02/12/1985)		
Tª máxima máis baixa	11.1 (día 29)	3.2 (25/12/1986)		
Precipitación acumulada	84	82-103	406 (1978)	5 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	9	11	28 (2000)	3 (2016)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as temperaturas máximas e medias, e cálido para as mínimas. En canto as precipitacións, o mes resultou ser normal. O número de días de chuvia foi lixeiramente inferior ao valor agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2018. Temperatura: 1972-2018

5 TEMPERATURA

As temperaturas foron en xeral máis elevadas que a media climatolóxica, xa que apenas tivemos entradas de aire procedente do norte. Así, nos días de chuvia predominaron os ventos do suroeste, mentres que os anticiclóns situáronse de tal xeito que o aire en superficie tamén era cálido. O efecto das elevadas temperaturas foi de tódolos xeitos máis notable nos valores das madrugadas, polo que teñen máis peso na anomalía os días destes ventos do suroeste.

5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de decembro de 2018.



O valor medio das temperaturas máximas no mes de decembro para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 12.8 °C. Os valores máis altos rexistráronse principalmente no litoral de Carballo ata a cidade de A Coruña, onde os valores superaron os 19 °C. Por outra banda, os valores máis baixos déronse en Manzaneda e Pena Trevinca, tal como é propio para a época do ano, superando os 6 °C de temperatura máxima media.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de decembro para o territorio galego foi de 6.0 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados nas comarcas da Limia, Verín e nas zonas de alta montaña na provincia de Ourense, onde os valores acadados están próximos aos 0 °C. Os valores máis altos déronse principalmente en puntos moi localizados en zonas do litoral, especialmente en Fisterra, onde se acadaron máis de 10 °C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de decembro de 2018.



5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de decembro, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de +2.1 °C. Neste mes, hai algunhas localidades que mesmo acadaron anomalías próximas aos +4 °C, no leste da Comunidade, mentres que as anomalías máis baixas déronse en localidades como Monforte de Lemos, que aínda así presenta unha anomalía positiva de +0.8 °C.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de decembro respecto ao período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) déronse principalmente nas zonas de alta montaña das provincias de Lugo e Ourense. As anomalías máis baixas (Táboa 2), déronse nos vales, pero aínda así foron moi altas para a época do ano.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media		
con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Triacastela	Lugo	3.6
Pedrafita do Cebreiro	Lugo	3.5
Cervantes	Lugo	3.4
Samos	Lugo	3.3
Becerreá	Lugo	3.3
Nogais (As)	Lugo	3.2
Veiga (A)	Ourense	3.2
Vilariño de Conso	Ourense	3.1
Láncara	Lugo	3.0
Baralla	Lugo	3.0

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de decembro de 2018.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media		
con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Monforte de Lemos	Lugo	0.9
Coristanco	A Coruña	1.1
Valga	Pontevedra	1.2
Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	1.2
Catoira	Pontevedra	1.2
Pontecesures	Pontevedra	1.2
Caldas de Reis	Pontevedra	1.2
Dodro	A Coruña	1.2
Portas	Pontevedra	1.3
Sober	Lugo	1.3

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de decembro de 2018.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas en Galicia no mes de decembro de 2018 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Nas xornadas do 4 e o 10 de decembro rexistráronse os valores máis altos de temperatura por debaixo dos 1000 m. Por enriba dos 1000 m, destacan as últimas xornadas do mes.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de decembro de 2018				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
10/12/2018	A Armenteira	MEIS	Pontevedra	21.4
10/12/2018	Lira	CARNOTA	A Coruña	21.0
04/12/2018	Lourenzá	LOURENZÁ	Lugo	20.9
10/12/2018	Cespón	BOIRO	A Coruña	20.9
10/12/2018	Torrequeintás	MEIS	Pontevedra	20.9
10/12/2018	Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	20.8
04/12/2018	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	20.7
04/12/2018	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	20.6
04/12/2018	Ourense	OURENSE	Ourense	20.6
31/12/2018	Melide	MELIDE	A Coruña	20.5

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas en decembro de 2018 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de decembro de 2018				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
30/12/2018	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	17.9
31/12/2018	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	17.7
09/12/2018	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	17.3
31/12/2018	Ancares	CERVANTES	Lugo	16.4
25/12/2018	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	16.2
31/12/2018	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	15.4
25/12/2018	Xares	VEIGA (A)	Ourense	14.7
26/12/2018	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	14.6
25/12/2018	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	14.6

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas en decembro de 2018 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de decembro de 2018 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Acadáronse valores negativos, tanto por riba (nas xornadas do 13 e o 17) como por debaixo dos 1000 m, na última xornada do ano, na que houbo unha forte inversión térmica.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de decembro de 2018				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
17/12/2018	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-3.9
18/12/2018	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-3.0
17/12/2018	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-3.0
29/12/2018	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-1.4
17/12/2018	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-1.3
18/12/2018	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-1.3
13/12/2018	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-0.9
13/12/2018	Ancares	CERVANTES	Lugo	-0.6
13/12/2018	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-0.5
17/12/2018	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	0.1

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en decembro de 2018 altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de decembro de 2018				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
31/12/2018	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-5.8
31/12/2018	Bóveda	BÓVEDA	Lugo	-5.6
30/12/2018	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-5.0
31/12/2018	Morelle	SARRIA	Lugo	-4.8
31/12/2018	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-4.5
31/12/2018	Lanzós	VILALBA	Lugo	-4.5
31/12/2018	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	-4.0
31/12/2018	Baltar	BALTAR	Ourense	-3.5
31/12/2018	Ordes	ORDES	A Coruña	-3.4
29/12/2018	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	-3.1

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en decembro de 2018 altitude inferior a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2018.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en decembro de 2018 para esta serie foi 10.3 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2018 para decembro.

A anomalía media da temperatura para este mes de decembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de 1.6 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como moi cálido. Isto debeuse tanto ás temperaturas máximas (anomalía de 1.3 °C) como ás mínimas (anomalía de 1.9°C), en ámbolos dous casos moi cálido. O anterior mes de decembro cunha anomalía claramente máis alta foi o 2015.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en decembro, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

As chuvias acumuladas durante o mes, achéganse nalgúns lugares ao normal, mentres que noutros quedan por debaixo. O período de chuva máis intenso tivo lugar a mediados do mes, entre os días 12 e 18. Os outros episodios de chuva acumularon cantidades máis escasas. Finalmente, nos últimos 10 días apenas choveu, polo que soamente os lugares máis afectados polas fronteiras de mediados do mes conseguiron chegar á media climática.

6.1. Precipitación acumulada mensual decembro 2018




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de decembro de 2018.



6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de decembro con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 31.8 % inferior ao período de referencia 1981-2010. Destaca a escasa precipitación rexistrada na Mariña Luguesa, extremadamente seca, fronte ao oeste da Comunidade, que presentou un 38 % máis da precipitación agardada.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de decembro de 2018.

6.3. Días de chuva en decembro de 2018

O número medio de días de chuva (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 11.8. Existe un gran contraste entre o leste e o oeste da Comunidade. Así no leste, rexistráronse nalgúns puntos ata 4 días de chuva, e no oeste, máis afectado polas escasas fronte atlánticas que afectaron á Galicia, acadáronse os valores máis altos de días de chuva, próximos aos 20 na comarca de Caldas.




Figura 10: Días de chuva superior a 1 L/m² durante o mes de decembro de 2018.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de decembro. Pódese observar que as precipitacións acumuladas máis altas acadadas este mes superan os 300 L/m², en moitas localidades. Sendo as máis afectadas as localidades das provincias de A Coruña e Pontevedra. A xornadas do 14 e o 15 acumuláronse valores de precipitación en 24 h moi elevados.

Precipitacións acumuladas máximas en decembro de 2018			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Muralla	LOUSAME	A Coruña	635
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	394
Cespón	BOIRO	A Coruña	393
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	389
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	382
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	372
Costa	ROIS	A Coruña	333
Castrove	POIO	Pontevedra	326
Ponte Caldelas	PONTE CALDELAS	Pontevedra	290
A Gándara	VIMIANSO	A Coruña	281

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de decembro de 2018.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Muralla	LOUSAME	A Coruña	151	14/12/2018 17:00
Castrove	POIO	Pontevedra	97	14/12/2018 18:00
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	96	02/12/2018 18:00
Cespón	BOIRO	A Coruña	95	14/12/2018 16:30
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	87	14/12/2018 20:10
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	78	02/12/2018 11:20
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	77	14/12/2018 17:30
Ponte Caldelas	PONTE CALDELAS	Pontevedra	77	14/12/2018 21:50
Costa	ROIS	A Coruña	70	14/12/2018 18:30
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	69	14/12/2018 17:20

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de decembro de 2018.



6.4. Evolución da precipitación en decembro de 2018

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2018, para esta serie, foi 127 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2018 para decembro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de decembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 32 % por debaixo do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como seco, tendo en conta o conxunto da Comunidade. Este decembro contrasta con do ano anterior, que fora húmido.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en decembro, respecto ó período 1981-2010.



7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Unha das xornadas máis ventosas do mes de decembro foi a do 18, aínda que no día 15 tamén se superou o limiar dos 100 km/h, tal e como se pode observar na Táboa 9. Isto debeuse a que a Comunidade estivo baixo a influencia de dous borrascas moi profundas. Ademais, destaca a elevada porcentaxe de calmas, debido ao predominio de situacións anticiclónicas.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en decembro				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
18/12/2018	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	158.3
18/12/2018	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	143.3
18/12/2018	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	136.7
18/12/2018	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	134.9
18/12/2018	Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	128.3
18/12/2018	Fragavella	ABADÍN	Lugo	119.6
12/12/2018	Burela	BURELA	Lugo	118.4
18/12/2018	Castro Vicaludo	OIA	Pontevedra	114.8
18/12/2018	Lira	CARNOTA	A Coruña	113.7
18/12/2018	Camariñas	CAMARIÑAS	A Coruña	109.9
18/12/2018	Ancares	CERVANTES	Lugo	108.9
12/12/2018	Cabo Udra	BUEU	Pontevedra	108.0
13/12/2018	Illas Cíes	VIGO	Pontevedra	107.1
12/12/2018	Punta Langosteira	ARTEIXO	A Coruña	106.1
18/12/2018	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	105.7
16/12/2018	Corón	VILANOVA DE AROUSA	Pontevedra	105.3
16/12/2018	Malpica	MALPICA DE BERGANTIÑOS	A Coruña	104.9
18/12/2018	Sálvora	RIBEIRA	A Coruña	104.5
18/12/2018	Xares	VEIGA (A)	Ourense	104.2
15/12/2018	Muralla	LOUSAME	A Coruña	103.8
18/12/2018	A Pontenova	PONTENOVA (A)	Lugo	103.1
18/12/2018	Foz	FOZ	Lugo	102.9

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de decembro.



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	113.7	S	11		
		Día 18				
Pta. Candieira	Cedeira	136.7	SO	7		
		Día 18				
Malpica	Malpica	104.9	O	5		
		Día 16				
Marco da Curra	Monfero	89.2	SO	4		
		Día 15				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de decembro de 2018 na provincia de A Coruña.





PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	118.4	SO	11		
		Día 12				
Ancares	Cervantes	108.9	S	9		
		Día 18				





Táboa 11: Resumo vento no mes de decembro de 2018 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	95.6	SO	10		
		Día 18				
Rodicio	Maceda	91.6	SO	15		
		Día 18				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Gandarela	Celanova	67.6	S	40		
		Día 12				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de decembro de 2018 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	77.5	S	14		
		Día 12				
Ons	Bueu	94.4	S	20		
		Día 13				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de decembro de 2018 na provincia de Pontevedra.



8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de decembro de 2018.



8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou neste mes de decembro 77 raios. Como se pode observar estes raios detectáronse principalmente nas xornadas do 16 ao 19 (Figura 15).



Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en decembro de 2018.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias, como se pode ver, a maioría dos raios caeron nas provincias de A Coruña e Pontevedra, as zonas máis afectadas polas situacións sinópticas comprendidas entre os días 12 e 19, neste mes de decembro.




Figura 16: Número de raios detectados por provincia en Galicia en decembro de 2018.



Na figura 17, pódese ver o número total de raios rexistrados en decembro en Galicia dende o ano 2010 ao 2018. Nesta gráfica pódese observar que o mes de decembro, non se caracteriza por presentar un gran número de raios, sendo o valor máis alto o rexistrado no ano 2013, con só 375 raios rexistrados no mes.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en decembro dende 2010 a 2018.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 12

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	hPa		Choiva	Xeada
A Coruña																												
A Gándara	10.5	12.54	17.7	31	8.5	5.6	13	281	41.6	18	246	84	94	71	29	79	393	27	134	18	975	21	0					
Aldea Nova	11.3	14.08	18.8	25	9.1	5.8	30	139	45.2	3	105	85	96	68	28	73	398	12	75	18	991	18	0					
Arzúa	9.3	13.8	19.5	31	5.7	-1.2	31	168	30.8	18	144	93	100	72	33	91	447	6	48	15	981	19	2					
Camariñas	12.8	15.06	18.3	10	10.5	3.5	31	130	33.6	18	94	88	96	73	33	91	461	21	109	18	1023	19	0					
Cariño	13.1	15.33	18.1	23	10.8	5.3	31	107	21.8	18	64	82	92	69	31	86	435	16	95	15	1023	14	0					
Cespón	11.5	15.24	20.9	10	8.3	1.3	31	392	72.7	3	370	94	100	78	29	80	398	7	78	18	1019	21	0					
CIS Ferrol	12.0	15.59	18.9	4	9.1	3.8	31	137	39.8	3	104	86	99	67	32	88	437	10	68	18	1020	18	0					
Corrubedo	12.6	15.36	19.8	10	10.2	6.2	31	171	33.8	15	117	84	94	68	33	93	460	14	85	18	1021	19	0					
Coruña-Dique	12.9	15.56	18.1	4	10.3	4.7	30	64	18.8	3	-	78	90	63	-	-	-	18	91	12	1022	13	0					
Coruña-Torre de Hércul	13.3	15.96	18.4	26	11.0	6.3	30	83	25.8	18	-	74	85	60	-	-	-	-	-	-	-	-	14	0				
*Costa	11.0	14.62	17.7	10	8.0	2.3	31	333	62.9	15	-	94	100	81	-	-	-	4	43	18	1004	18	0					
*Coto Muiño	9.4	13.85	18.9	30	5.6	-3.0	31	394	56.2	15	-	96	100	79	-	-	-	4	62	18	-	20	3					
Fontecada	9.9	13	17.2	30	7.2	0.9	12	389	68.5	15	359	85	92	71	30	82	411	13	86	18	981	21	0					
*Guísamo	11.7	15.28	18.5	4	9.1	4.9	30	85	20.2	18	-	77	88	62	-	-	-	3	38	16	1003	15	0					
*Lesende	11.5	14.77	18.6	10	9.0	5.2	12	274	51.0	18	244	82	90	69	31	88	409	4	54	18	1004	20	0					
Lira	12.5	14.44	21.0	10	10.8	7.2	13	155	21.3	14	117	83	94	69	31	86	408	25	113	18	-	22	0					
Mabegondo	10.7	15.49	18.7	4	6.4	-1.5	31	80	20.4	18	50	91	99	72	36	100	486	8	70	18	1013	12	2					
Malpica	11.9	14.48	17.4	31	9.6	6.9	12	134	30.8	18	112	94	100	80	33	93	455	22	104	16	1004	18	0					
Marco da Curra	8.8	11.35	16.0	31	6.4	2.3	30	130	24.6	3	98	86	96	72	30	84	409	23	89	15	948	18	0					
Melide	9.1	13.67	20.5	31	5.4	-0.6	30	155	32.7	3	130	88	97	69	30	84	416	5	58	13	969	19	1					
Muralla	9.5	11.77	18.1	10	7.5	3.4	13	635	128.0	15	609	88	95	77	21	59	288	26	103	15	947	23	0					
*O Val	11.7	15.61	18.7	4	8.5	3.5	31	135	29.7	3	-	84	94	67	-	-	-	4	63	21	1015	18	0					
Olas	9.8	13.27	18.0	30	6.9	1.0	30	132	28.8	18	106	89	99	71	30	82	388	16	80	18	-	17	0					
*Ordes	9.3	14.16	18.4	31	4.8	-3.4	31	119	26.6	18	-	89	95	72	-	-	-	5	44	18	992	19	2					
*Paramos	9.8	12.9	15.1	25	7.4	2.3	30	277	62.0	15	-	94	99	80	-	-	-	11	65	1	981	21	0					
*Pazo de Galegos	10.9	14.63	17.5	10	7.8	0.1	31	166	36.9	18	142	94	100	78	32	90	439	4	49	15	998	15	0					
Punta Candieira	12.4	14.28	17.7	10	10.5	7.8	19	63	18.8	18	14	79	93	64	31	85	432	36	136	18	992	14	0					
Punta Langosteira	13.1	15.3	17.4	26	10.8	5.9	30	42	20.0	18	-	81	93	66	38	102	473	22	106	12	1022	8	0					
Río do Sol	9.6	12.05	17.9	31	7.6	4.5	14	206	35.0	15	--	87	96	75	--	--	387	22	75	12	961	21	0					
*Rus	11.0	15.75	20.2	30	7.0	-1.2	31	125	29.5	18	-	91	99	72	-	-	-	4	46	13	1008	16	2					
Sálvora	12.4	15.2	18.4	10	9.8	5.4	31	158	31.0	15	--	--	--	--	--	--	--	24	104	18	-	18	0					
Santiago-EOAS	10.7	13.84	16.8	10	8.2	3.2	31	213	42.9	18	189	92	100	75	31	87	413	14	78	-	994	19	0					
Santiago-San Lázaro	10.4	13.44	17.0	31	7.7	1.2	31	144	33.7	18	117	87	95	72	30	85	399	10	60	15	988	21	0					
Sergude	10.4	14.28	17.2	31	7.5	1.5	31	156	32.2	18	-	91	99	74	19	53	320	-	-	-	-	19	0					
Serra da Faladoira	9.5	11.91	19.3	31	7.2	3.6	30	161	34.7	3	129	85	97	71	32	89	439	24	92	18	956	17	0					

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 12

Provincia Estación	T ^o C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max		Día	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max		Día	Med. hPa	Choiva
Ourense																										
A Mezquita	6.6	10.67	17.7	31	3.5	0.4	29	118	31.4	15	82	78	92	60	41	116	523	8	64	13	909	13	0			
*A Portela	8.0	12.94	17.7	6	4.4	-1.9	31	68	20.0	15	41	88	99	66	29	81	455	3	49	18	-	11	2			
*A Trabe	7.0	10.3	17.6	9	4.4	1.1	27	115	33.3	15	88	85	93	72	36	102	489	3	33	13	936	14	0			
Alto do Rodicio	7.4	10.35	16.3	31	5.0	0.9	13	130	32.4	15	97	81	91	64	37	105	480	14	91	18	912	13	0			
Amiudal	9.0	12.43	16.2	31	6.5	-0.6	30	163	37.5	15	134	87	96	72	36	102	477	9	93	13	961	16	1			
As Petarelas	7.3	12.08	16.6	6	3.9	-1.2	30	83	23.3	15	-	87	98	68	34	94	487	-	-	-	-	11	2			
Baltar	6.6	12.89	18.3	31	1.0	-3.5	31	78	16.6	15	44	84	97	58	43	122	575	8	76	12	933	10	13			
Cabeza de Manzaneda	4.2	6.89	12.4	10	1.9	-3.0	18	121	27.6	15	--	71	87	52	36	82	506	28	99	16	830	14	11			
*Calvos	6.3	12.08	18.0	31	1.0	-5.0	30	128	35.4	15	101	89	99	67	38	107	527	7	64	18	-	14	13			
Casaio	7.2	10.75	15.4	31	4.3	-0.5	13	62	15.3	13	-	67	86	44	-	-	-	6	97	18	-	10	1			
*Corzos	6.1	11.16	17.9	30	2.4	-1.3	17	79	22.8	15	-	73	88	55	-	-	-	7	60	18	-	11	6			
Entrimo	8.8	13.04	20.4	31	5.9	2.4	13	185	56.1	15	-	84	94	69	33	94	456	-	-	-	-	16	0			
*EVEGA Leiro	9.2	14.75	20.7	4	5.6	-0.7	31	87	21.8	15	-	90	96	71	-	-	-	1	40	15	1014	12	2			
Gandarela	9.2	12.79	16.6	5	6.5	-0.6	30	74	18.5	18	41	84	94	69	37	105	510	7	67	12	952	11	1			
Lardeira	4.6	7.75	14.6	25	2.1	-3.0	17	35	9.0	16	-20	71	88	51	41	115	536	26	158	18	844	11	9			
*Larouco	8.1	12.32	16.7	6	4.4	-1.8	30	41	12.0	15	-	77	88	62	-	-	-	3	38	15	965	10	3			
Laza	7.2	12	18.8	9	3.7	-2.1	31	88	21.6	15	64	93	100	74	32	91	466	3	44	18	-	14	4			
Monte Medo	8.2	12.71	17.2	30	4.6	-2.6	30	83	26.9	15	-	86	97	68	34	97	475	-	-	-	-	12	4			
O Invernadeiro	5.4	10.63	17.3	9	2.1	-1.4	29	199	56.6	15	170	87	96	70	34	97	522	7	55	16	908	17	3			
Ourense	9.5	14.3	20.6	4	5.9	-0.5	31	84	21.0	15	-	86	96	64	-	-	-	-	-	-	-	10	2			
Ourense-Estacións	10.1	14.58	20.6	4	6.9	0.9	31	85	20.4	15	60	86	95	66	26	74	416	2	33	16	1011	11	0			
*Pazo de Fontefiz	9.1	12.92	18.1	4	5.9	-2.1	31	132	30.8	18	106	85	93	70	29	80	412	3	42	18	977	12	1			
*Ponte Boga	8.9	12.88	18.4	4	5.5	-2.6	31	62	18.8	15	26	75	86	61	31	88	485	4	55	18	970	9	2			
*Prado	9.7	14.28	19.3	4	6.6	0.6	31	78	28.0	18	-	88	94	72	-	-	-	2	28	18	1010	8	0			
Remuíño	9.1	14.24	19.9	4	5.5	-0.6	31	90	24.0	15	68	92	97	73	20	56	399	4	50	16	-	13	2			
*Riós	7.4	10.98	18.0	9	4.7	1.9	25	122	28.2	15	92	85	95	69	39	111	537	4	47	16	-	13	0			
San Xoán de Río	6.7	10.13	14.6	9	4.0	0.9	13	76	18.7	15	43	83	95	66	39	109	508	13	64	13	907	11	0			
Serra do Eixe	6.3	9.5	14.6	26	3.7	0.1	17	110	23.9	15	75	79	92	61	37	104	489	17	105	18	886	11	0			
Verín-Vilamaior	7.6	11.84	18.0	9	4.2	-2.4	31	73	19.0	15	46	90	97	74	33	94	483	4	65	16	963	12	4			
Verín-Vilela	6.8	12.46	19.4	9	2.3	-4.5	31	52	14.7	15	29	92	99	73	27	77	444	2	45	13	-	10	7			
Viana do Bolo	7.1	12.36	17.0	10	3.2	-3.1	29	63	24.0	15	29	80	94	61	40	111	522	8	80	18	927	7	4			
Xares	4.1	7.1	14.7	25	1.6	-3.9	17	70	22.6	15	1	72	87	53	43	120	574	21	104	18	830	12	10			
Xinzo	7.6	12.55	16.3	30	2.8	-5.8	31	61	20.3	15	32	89	99	70	38	107	530	8	69	18	953	12	6			
Xurés	7.8	11.03	16.2	25	5.3	0.7	13	156	30.4	15	111	76	89	58	41	116	552	18	95	18	904	14	0			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 12

Provincia Estación	T ^o C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
Vigo-Campus	11.2	13.47	18.5	31	9.3	5.2	13	161	39.0	15	123	80	92	63	35	99	495	11	97	18	971	17	0		
Xesteiras	9.3	11.42	19.1	10	7.2	2.9	13	382	77.6	3	-	84	92	72	-	-	-	27	128	18	-	23	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.